



ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DO 05/07/2023

(Aprobada na Comisión do 12/07/2023)

Da comezo a sesión ordinaria da Comisión Permanente, ás 12:30 horas (segunda convocatoria), na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, unha vez acadado o quórum preciso e coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/05/2023).
- 2.- Informe da Decana
- 3.- Aprobación, se procede, da proposta de horarios para o vindeiro curso 2023/2024.
- 4.- Aprobación, se procede, da proposta de calendarios de exames para o vindeiro curso 2023/24.
- 5.- Rogos e preguntas.

ASISTENTES:

NOME	APELIDOS
OLGA	ALONSO VILLAR
LUCY	AMIGO DOBAÑO
GUSTAVO	BERGANTIÑOS CID
ENRIQUE	BUCH GÓMEZ
M. DOLORES	GARZA GIL
XOSÉ MANUEL	GONZÁLEZ MARTÍNEZ
MAR	GONZÁLEZ SAVIGNAT
CARLOS	DE MIGUEL PALACIOS
CARMEN	OTERO NEIRA
ANA	DE PRADO VÁZQUEZ
JACOB	SÁNCHEZ TRONCOSO
CARMEN	VÁZQUEZ PAMPÍN
MERCEDES	VILA ALONSO

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

MAR	RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
JOSÉ ÁNGEL	ÁLVAREZ MOREIRA

No primeiro punto da orde do día, aprobación, se procede da acta da sesión anterior (24/05/2023), a Decana pide, se ninguén ten nada que aclarar, a aprobación por asentimento. A acta apróbbase por asentimento.

No segundo punto, informe da Decana, M. Dolores informa do seguinte:

- 1.- As guías docentes están a ser revisadas polas coordinadoras de titulación prestando especial atención á aplicación do novo regulamento de avaliación.
- 2.- Dito regulamento establece un prazo mínimo para que o alumnado renuncie á avaliación continua. Proporemos o prazo mínimo dun mes dende comenzo de curso.
- 3.- Estanse a pechar os horarios do PCEO, agás o de primeiro curso, xa pechado, que vai nesta reunión pola urxencia ante a próxima apertura da matrícula para o alumnado que inicia estudos.

Estes tres temas se levarán a unha vindeira reunión.

Por último, quere agradecer o traballo realizado polos membros da comisión de elaboración de horarios, e tamén os das coordinacións de curso e de tódolos docentes polo esforzo, paciencia e boa disponibilidad para encaixalo todo.

No terceiro punto da orde do día, aprobación, se procede, da proposta de horarios para o vindeiro curso 2023/24, a Decana explica que dado que esta semana comeza o proceso de preinscrición de optativas e a vindeira a matrícula do alumnado de primeiro por primeira vez, adiantamos lixeiramente o proceso de elaboración de horarios.

Aclara que houbo algunhas modificacións puntais na documentación remitida previamente, porque se foron atopando erros ou omisións.

Polo que respecta ao PCEO, tal e coma se comentou antes, só se vai someter a aprobación nesta comisión o horario do primeiro curso, dado que o resto dos horarios aínda non estaban pechado no momento de convocar a comisión, principalmente por mor de cambios producidos nos horarios de ADE, que fixeron que houbera que facer axustes nos do PCEO.

Ábrese un turno de intervencións, tralo que, pide que se aproben os horarios que se xuntan á acta e que se permita ao decanato facer os axustes necesarios no caso de que se atope algún erro menor. Aclara ademáis que a asignación de espazos definitiva farase posteriormente. Apróbbase por asentimento.

No cuarto punto da orde do día, Aprobación, se procede, da proposta de calendarios de exames para o vindeiro curso 2023/24, a Decana di que se seguiu a rotación de costume na elaboración dos mesmos. No caso dos do PCEO, tal e como se aprobou na Comisión de coordinación do mesmo e se informou en comisión permanente, o procedemento pasa a ser o mesmo que nos graos en ADE e Economía.

Traslada que a profesora Mar Rodríguez pediu que se retomase o que comentara nunha comisión anterior con respecto aos exames da convocatoria extraordinaria e que os

primeiros exames que se fagan na convocatoria sexan os do primeiro cuatrimestre en todos os cursos e despois os do segundo cuatrimestre.

A Decana abre unha rolda de intervencións na que se pon de manifesto que o prazo entre as convocatorias ordinaria e extraordinaria é axeitado tal e coma está na proposta. Finalmente pide a aprobación e que se permita facer algún axuste de menor calado. Apróbase por asentamento.

No quinto punto, rogos e preguntas ao non haber ningunha intervención levántase a sesión cando son 12:48 h.

Vº e Pr.:

A Decana

A Secretaria